

# O PARLAMENTO : CASA DE TODOS 80848.3

Calidez, iso sentín aquel día soleado cando entrei no Parlamento. Sentínme cómoda, dábanme a benvinda e era un lugar acolledor. Baixo ese aspecto monumental, aparentemente frío, había un espazo cálido no que nos recibiron cordial e familiarmente. Porque iso é o que somos as galegas, unha gran familia; aínda que non podamos reunirmos todas, podemos confrontar as nosas vontades, nun lugar ao que todas estamos convidadas, sexa cal sexa a nosa opinión ou a nosa ideoloxía. A pesar do significado e da importancia que ten o parlamento en canto á política, tamén ten unha importancia para a poboación e para conseguir mellor. Ao poder compartir opinións e tomar decisións entre todos, aúnamos esforzos na procura dun futuro mellor.

Cando as nosas representantes están aí dentro, están nun entorno libre no que poden dar o seu parecer sobre os diferentes aspectos, sempre que sexa respectuosamente e argumentando as intervencións. As decisións que eles levan a cabo son as que nos axudan a decidir a quen elevar, porque somos nós, as cidadáns, quen votamos nas eleccións a aqueles persoas que nos representarán nesa "casa de todos".

Foi maravilloso descubrir o que albergaba ese edificio solemne: as salas de reunión, as salas de descanso, caricaturas dos persoaxes que loitaron por manter a nosa identidade; e hemiciclo.

Ao visitar o Parlamento dínme conta de que dentro de ese edificio con aparencia algo cellada e fría, latea fortemente o corazón de todas as galegas e galegos. E debemos lembrar que estamos escribindo o noso futuro, pero temos que decatarnos de que o escribimos con bolígrafo e non podemos borrar e volver atrás.